Todas as correccións e cualificacións das diferentes probas da materia, sexa cal sexa a oportunidade e/ou a modalidade de avaliación, serán públicas e vanse expor na web do profesorado responsable da súa corrección e avaliación. Nese mesmo día vaise establecer tamén una data e unha franxa horaria (normalmente vaise intentar que coincida en horas de clase e/ou de titoría) para a súa revisión. No espazo de tempo que vai entre a exposición e a revisión das cualificacións estas vanse considerar "provisionais" e, polo tanto, susceptíbeis aínda de posibles modificacións. Pero, unha vez expirado o período de revisión, as cualificacións vanse considerar "definitivas", sen posibilidade algunha de modificación (agás circunstancias excepcionais que serán convenientemente avaliadas polos docentes da materia; como, por exemplo, errores de cómputo manifestos no cálculo das cualificacións).

2. - PRIMEIRA OPORTUNIDADE OFICIAL DE AVALIACIÓN

Na primeira oportunidade oficial de avaliación o alumnado vai ter ao seu dispor dúas modalidades de avaliación diferentes (non excluíntes): a modalidade de "avaliación continua" e a modalidade de "avaliación final".

2.1. - Primeira oportunidade de avaliación: modalidade de "avaliación continua"

A modalidade de "avaliación continua", como o seu nome indica, está pensada para o alumnado que teña previsto asistir as

sesións presenciais da materia (48 horas en total). Aínda que non é obrigatoria a asistencia as devanditas sesións-horas presenciais para poder acollerse a esta modalidade de avaliación desaconséllase a mesma a aquel alumnado que non poida asistir a un mínimo do 80% das sesións presenciais (38 horas). En calquera caso, o alumnado que decida acollerse a esta modalidade sen asistir as sesións presenciais vai ter exactamente os mesmos dereitos e as mesmas obrigas que os que asistan as sesións presenciais. Non van ter ningún tipo de trato preferencial e/ou de axuda adicional polo devandito feito (por exemplo, é responsabilidade súa estar informados/as sobre as datas de entrega das diferentes probas e/ou das datas de realización das probas presenciais se as houbera; tamén é responsabilidade súa conseguir o material que os docentes da materia poidan distribuir mas clases presenciás, e/ou deixar na web, na plataforma de teledocencia ou no servizo de reprografía).

Independentemente da asistencia ou non as sesións presenciais, polo feito de non ser imputable ao alumnado, vanse ter en conta as especiais circunstancias de: 1) o alumnado de selectividade da convocatoria de setembro e o alumnado de intercambio (Erasmus, Sócrates, etc.) que normalmente incorpórase mais tarde á docencia do curso; 2) o alumnado con algún tipo de discapacidade física ou psíquica que requira dunha especial adecuación do sistema de avaliación, sempre e cando a súa discapacidade veña avalada por algún dos estamentos competentes da Universidade de Vigo: Gabinete Psicopedagóxico, titor/a PAT (Plan de Acción Tutorial, etc.); 3) calquera outro caso que segundo os docentes da materia requira dun tratamento da avaliación diferenciado.

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación continua poderá (e deberá) ir acumulando nota ao longo do curso ata un máximo de 10,0 puntos posíbeis (o 100% da nota final da materia).

Para aprobar a materia na avaliación continua desta primeira oportunidade oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos sumando a cualificación obtida nas probas prácticas e a cualificación obtida nas probas de tipo test obtidas na avaliación continua da materia.

A cualificación final obtida vai ser inamovíbel excepto nun suposto moi concreto: que o alumnado na avaliación continua obteña entre 4,5 (incluído) e 4,9 puntos en cuxo caso, si o solicita o alumnado, vaise habilitar un “mecanismo extraordinario de avaliación” consistente nun número indeterminado de tarefas complementarias a realizar para que o alumnado en cuestión poida chegar ao mínimo dos 5,0 puntos (aprobado/a).

En ningún outro caso (como, por exemplo, a falta de 0,1 puntos para obter una cualificación de notábel, sobresaínte ou optar a matrícula de honra; etc.) vaise facer excepción algunha. Aquel alumnado que teña un especial interese en obter unha determinada cualificación na materia (polos motivos que sexa; como por exemplo porque dela dependa unha determinada bolsa económica, académica e/ou deportiva) pode acollerse “a priori” ás “bonificacións extraordinarias” das probas prácticas; e, “a posteriori”, pode realizar tamén o exame final da materia (nos termos que se detallan no apartado correspondente).

O alumnado que non supere a avaliación continua desta primeira oportunidade de avaliación oficial ou queira mellorar a nota obtida na mesma pode tamén presentarse ao exame único de tipo test da avaliación final da primeira oportunidade de avaliación oficial. Neste caso, a cualificación que vai constar na súa primeira oportunidade de avaliación oficial vai ser sempre a obtida no exame único da avaliación final (aínda que sexa menor que a obtida na avaliación continua ou sexa de “suspenso/a” tendo previamente a avaliación continua aprobada).

A avaliación continua vai consistir en:

2.1.1. - Probas prácticas

Constitúe o 70% da cualificación final total da materia (isto é, 7,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización dun conxunto de probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas relacionadas coa ofimática avanzada aplicada á tradución (45% da cualificación final total) e coa Tradución Asistida por Computador (25% da cualificación final total).

Cada unha das probas terá unas pautas concretas de obrigado cumprimento como son un tempo limitado de execución, unha data máxima de entrega e uns parámetros específicos de realización (programas e/ou versións concretos a empregar, formatos específicos de traballo, métodos concretos de entrega, etc.). Calquera proba entregada que non cumpra cos requisitos esixidos será penalizada segundo os parámetros de avaliación establecidos de antemán.

Aínda que a planificación e a estrutura xeral das probas poida ser semellante en cada curso académico as probas son diferentes en cada curso académico; ademais, para evitar a copia das mesmas entre o alumnado da materia existen un conxunto e mecanismos habilitados para detectar posibles copias. No caso de detectar algunha copia entre o alumnado ou algún intento de entregar unha práctica de cursos pasados, as persoas involucradas na copia serán automaticamente expulsadas da avaliación continua (aínda que poderán presentarse ao exame final único).

Cada proba poderá entregarse unha soa vez. Unha vez expirado o prazo máximo de entrega non se aceptará proba algunha

(agás circunstancias especiais que valoraran os docentes da materia) e as probas non entregadas cualificaranse con 0,0 puntos.

Vanse establecer diferentes quendas de entrega das probas prácticas de maneira que, una vez rematadas as sesións presenciais de cada encomenda ou suposto, o alumnado dispuña aínda de dúas semanas complementarias para poder acabalas de maneira autónoma si fose o caso de ter que dispor de mais tempo para illo. Sen embago, tendo en conta que neste curso académico do 14 ao 25 de outubro está previsto un período de traballo autónomo no grao sen docencia, no caso das dúas primeiras encomendas ou supostos da primeira proba práctica vai programarse a súa entrega para a primeira semana despois das devanditas semanas sen docencia (ver o detalla de cada encomenda mais abaixo).

Nestas probas prácticas existirá a posibilidade de obter "bonificacións extraordinarias" para asegurar a cualificación máxima de cada unha das probas e que so vai aplicarse no caso que o alumnado non obteña previamente a cualificación máxima da proba práctica avaliada. Van ser actividades que requirirán unha especial dedicación por parte do alumnado e que, polo contrario, non van outorgar unha gran puntuación (0,1 ou 0,2 puntos adicionais como máximo, normalmente). Estas bonificacións están pensadas para aquel alumnado que teña un especial interese por asegurar a súa nota cara a posíbeis solicitudes de bolsas (económicas, académicas e/ou deportivas) ou outros asuntos do seu interese, pero en ningún caso van supor a obtención dunha nota maior da asignada inicialmente á proba práctica en cuestión.

PROBA PRÁCTICA Nº 1 (20,5 horas presenciais; e, aproximadamente, 41,0 horas autónomas do alumnado e 10,5 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado). Valor: 4,5 puntos.

Está relacionada co Módulo-1 do Tema-2 ("A ofimática avanzada aplicada á tradución"). O obxetivo desta práctica é aplicar os coñecimientos e destrezas adquiridos neste módulo ao ámbito específico da tradución profesional. A práctica constitúe un máximo de 4,5 puntos da avaliación continua da materia. Consiste na realización e posterior entrega de 3 encomendas ou supostos de traducción. Se o alumnado asiste regularmente as clases presenciais terá realizado xa, aproximadamente, o 80% da práctica (en cualquiera das 3 encomendas); o 20% restante forma parte do traballo a realizar de maneira autónoma por parte do alumnado segundo explicita as directrices de Bolonia. As tres encomendas conteñen tamén aspectos relacionados coas novas tecnoloxías da tradución e a comunicación (TIC) e a xestión de proxectos, as ferramentas telemáticas e o traballo colaborativo no ámbito da tradución profesional.

>>> ENCOMENDA Nº 1: centrada nas funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos (9,0 horas presenciais; e, aproximadamente, 18,0 horas autónomas do alumnado e 4,5 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado; Módulo-1 do Tema-2). Valor: 1,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa entrega: o luns 28/10/13 ás 23:59 horas.

>>> ENCOMENDA Nº 2: centrada na telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web (6,0 horas presenciais e, aproximadamente, 12,0 horas autónomas do alumnado e 3,0 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado; Módulo-1 do Tema-2). Valor: 1,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa entrega: o luns 28/10/13 ás 23:59 horas.

>>> ENCOMENDA Nº 3: centrada nos programas lexicográficos, nas bases de datos de todo tipo e nas follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución (5,5 horas presenciais e, aproximadamente, 11,0 horas autónomas do alumnado e 3,0 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado; Módulo-1 do Tema-2). Valor: 1,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa entrega: o luns 11/11/13 ás 23:59 horas.

PROBA PRÁCTICA Nº 2 (16,0 horas presenciais; e, aproximadamente, 32,0 horas autónomas do alumnado e 8,5 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado). Valor: 2,5 puntos.

Está relacionada co Tema-3 ("A tradución asistida por computador"). O obxetivo desta práctica é aplicar os coñecimientos e destrezas adquiridos neste módulo no ámbito profesional da tradución. A práctica constitúe un máximo de 2,5 puntos da avaliación continua da materia. Consta en tres encomendas, das que a "ENCOMENDA Nº 1" e a "ENCOMENDA Nº 2" son non avaliables e soamente van servir para adquirir experiencia cara á "ENCOMENDA Nº 3" que sí vai ser avaliable.

>>> ENCOMENDA Nº 3: supón un total de 2,5 puntos na "avaliación continua". Prazo máximo previsto para a súa entrega: o luns 09/12/13 ás 23:59 horas**.**

Como software específico para a súa realización usaremos o programa de tradución asistida por computador ***Déjà Vu X2 Pro(fessional)***. O programa é de pagamento, pero pódese descargar de Internet unha versión *shareware* (de proba) por un período de 30 días dende a súa instalación. Este programa soamente está dispoñible para Ms-Windows. Non hai ningunha versión para Mac OS X nin para Linux. Non vamos a usar

tampouco ningún outro programa equivalente “de código abierto” tipo OmegaT. A versión instalada nos computadores da aula informática Newton-17 da FFT vai ser operativa durante 6 meses. Como este programa ten as veces algúns problemas de funcionamento co Windows-7, nestes casos, aconséllase traballar coas versións instaladas na aula informática sobre Windows XP.

2.1.2. - Probas de tipo test

Constitúe o 30% da cualificación final total da materia (isto é, 3,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización de dúas probas de tipo test para avaliar os coñecementos relacionados coas competencias da materia.

As preguntas van dirixidas, de maneira particular, a validar os coñecementos e destrezas adquiridos na realización nas diferentes probas práctica relacionados coas competencias da materia; e, de maneira xeral, para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos nos diferentes temas 1, 2 e 3 relacionados coas competencias da materia.

De detectarse algún intento de copia na proba de tipo test, o alumnado involucrado será de inmediato conminado a abandonar a aula e a proba será cualificada con 0,0 puntos. As persoas involucradas na copia serán automaticamente expulsadas da avaliación continua (aínda que poderán presentarse ao exame final único).

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas e vanse penalizar tanto as respostas deixadas en branco como as respostas incorrectas.

Na medida do posible vanse programar con anterioridade as devanditas probas diferentes probas de autoavaliación tipo test para que o alumnado se familiarice con este tipo de probas pola súa conta.

PROBA DE TIPO TEST Nº 1 (0,5 horas presenciais). Valor: 1,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa realización: a primeira media hora da primeira sesión de cada grupo da semana do 28/10/13 ao 03/11/13.

Está relacionada cos TEMAS e as PRÁCTICAS: Tema nº 1 ("Introdución") e o Módulo nº 1 do Tema nº 2 ("A ofimática aplicada á tradución"); e a proba Práctica nº 1 da materia.

PROBA DE TIPO TEST Nº 2 (0,5 horas presenciais). Valor: 1,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa realización: a primeira media hora da primeira sesión de cada grupo da semana do 09/12/13 ao 15/12/13.

Está relacionada cos TEMAS e as PRÁCTICAS: Módulo nº 2 do Tema nº 2 ("Introdución a Tradución Asistida por Computador") e Tema nº 3 ("a Tradución Asistida por Computador"); e a proba Práctica nº 2 da materia.

Na medida do posíbel vaise tentar respectar esta programación establecida "a priori"; pero, obviamente, a mesma fica suxeita a posíbeis cambios de última hora debidos a imprevistos de tipo persoal, académico e/ou técnico; que, de acontecer, serían oportunamente informados a todo o alumnado da materia a través de todos os medios dispoñíbeis para illo.

2.2. - Primeira oportunidade de avaliación: modalidade de "avaliación final"

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación final na primeira oportunidade de avaliación oficial vai ter que realizar unha única proba de tipo test cun valor máximo de 10,0 puntos en total (o 100% da nota final).

Nesta modalidade avaliación final na primeira oportunidade de avaliación oficial, dada a especial idiosincrasia desta materia e dos especiais requisitos de hardware e software que precisa “a priori”; por razóns de tempo, infraestrutura e de procedemento (basicamente) non se vai esixir ao alumnado (a diferenza da avaliación continua) que faga ningunha proba práctica.

Sen embargo, nesta proba tipo test, váiselle esixir (entre outras cuestións) que probe que sabería facelas se fose necesario (que sabería utilizar os programas, formatos, procedementos, metodoloxías, etc. esixíbeis para a súa realización).

Así, pois, as preguntas desta proba tipo test estarán relacionadas, de maneira xeral, con aspectos teóricos e prácticos da materia; pero, de maneira particular, tamén coas probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas realizadas na modalidade de avaliación continua da primeira oportunidade de avaliación oficial.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas; e, vanse penalizaran tanto as respostas deixadas en branco como as respostas incorrectas.

De detectarse algún intento de copia na proba de tipo test, o alumnado involucrado será de inmediato conminado a abandonar a aula e a proba será cualificada con 0,0 puntos.

Para aprobar a materia nesta avaliación final da primeira convocatoria oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos na proba de tipo test.

Por acordo da Xunta de Facultade do 05/06/13, neste curso académico 2013-2014, a responsabilidade de fixar a data para a realización da avaliación final da cada materia na primeira oportunidade de avaliación oficial corre a cargo dos docentes da materia. Neste caso en concreto **a data inicialmente prevista polos docentes desta materia para a realización da proba de tipo test da avaliación final da primeira oportunidade de avaliación vai ser o martes 14 de xaneiro do 2014 ás 16:00 horas** (data pendente da confirmación por parte da coordinación do grao). A aula designada fica pendente de asignación por parte do/a vicedecano/a de organización académica da FFT.

3. - SEGUNDA OPORTUNIDADE OFICIAL DE AVALIACIÓN

O alumnado que se acolla á segunda oportunidade oficial de avaliación da materia vai ter que realizar unha única proba de tipo test cun valor máximo de 10,0 puntos en total (o 100% da nota final).

Dada a especial idiosincrasia desta materia e dos especiais requisitos de hardware e software que precisa “a priori”; por razóns de tempo, infraestrutura e de procedemento (basicamente) non se vai esixir ao alumnado que faga ningunha proba práctica. Sen embargo, nesta proba tipo test, váiselle esixir (entre outras competencias) que probe que sabería facelas se fose necesario (que sabería utilizar os programas, formatos, procedementos, etc. esixíbeis para a súa realización).

Así, pois, as preguntas desta proba tipo test estarán relacionadas, de maneira xeral, con aspectos teóricos e prácticos da materia; pero, de maneira particular, tamén coas probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas realizadas na modalidade de avaliación continua da primeira oportunidade de avaliación da materia.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas; e, vanse penalizaran tanto as respostas deixadas en branco como as respostas incorrectas.

De detectarse algún intento de copia na proba, o alumnado involucrado será conminado a abandonar a aula e a proba será cualificada con 0,0 puntos.

Para aprobar a materia nesta segunda oportunidade oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos na proba de tipo test.

Por acordo da Xunta de Facultade do 05/06/13, neste curso académico 2013-2014, **a responsabilidade de fixar a data, hora e aula para a realización da avaliación de cada materia na segunda oportunidade corre a cargo do vicedecano de organización académica da FFT. Segundo consta no calendario de exames para o curso 2013-2014 a día de hoxe (18/06/13) a data oficial prevista para o exame da materia é o 11/06/14, ás 16:00 horas, na aula Newton-9.** Por so houbese algún cambio en datas posteriores á redacción desta Guía Docente, por favor, consultade o calendario de exames no espazo web da FFT ou no taboleiro da FFT habilitado para illo (que son as plataformas "oficiais" de información).

Bibliografía. Fontes de información

Como sexa que este é un curso eminentemente práctico no que vamos a traballar con multitude de programas informáticos, coa finalide de de non "colapsar" ao alumnado cunha multitude de manuais de uso dos programas que, a maioría das veces, deixan de ser útiles dun curso académico a outro por ter cambiado a versión do programa ou mesmo o propio programa, por illo vaise facilitar ao alumnado, para cada uno dos temas da materia, a bibliografía mais adecuada e actualizada 'ad hoc' (normalmente en formato PDF e accesible en liña para todo o alumnado de maneira gratuíta). Se fai falta, vaise deixar tamén unha copia en formato papel no servizo de reprografia.

Aínda así, a continuación mostramos un pequeno repertorio de referencias bibliográficas básicas en soporte papel existentes no catálogo bibliográfico PERSEO da Universidade de Vigo (http://www.perseo.biblioteca.uvigo.es) que vos poden axudar a comprender “ a priori”, duna maneira xeral e a nivel teórico-práctico, os contidos desta materia.

TEMA-1:

- Díaz Fouces O.; García González, M. (eds.) (2008) *Traducir (con) software libre*. Granada: Comares, ISBN: 978-84-9836-487-3 [Signatura PERSEO: "FFT 82.03 TRA con"; 4 exemplares].
- Oliver, J.A.; Moré, J.; Climent, S. (coords.) (2008) *Traducción y tecnologías*. Barcelona: UOC, ISBN: 978-84-97788-740-3 [Signatura PERSEO: "FFT 82.03 OLI tra"; 3 exemplares]. LI>
- Reineke, D. (coord.) *Traducción y localización: mercado, gestión y tecnologías*. Las Palmas de Gran Canaria: Anroart Ediciones, 2005, 372 p., ISBN: 8496577082 [Signatura PERSEO: "FFT 82.03 TRA ylo"; 2 exemplares].

TEMA-2:

Hardware e software

- Morley, D.; Parker, Ch. S. (2013) *Understanding Computers: Today and Tomorrow*. 14th Edition Comprehensive, Course Technology. Australia [etc.]: Cengage Learning, ISBN: 978-1133190257 [Signatura PERSEO: "FFT 681.3 MOR und "; 1 exemplar].

Ofimática (procesadores de texto, bases de datos, follas de cálculo, programas de presentación, etc.)

- Moro, M. (2010) T*ratamiento informático de la información* (inclúe CD), Madrid: Paraninfo, ISBN: 978-84-9732-793-0 [Signatura PERSEO: “FFT 681.3 MOR tra”; 3 exemplares].
- Bott, E.; Woody, L. (2004) *Office 2003* (Colección 'La biblia de'; Tradución de Norwich & Barston. Special edition using Microsoft Office 2003. ISBN: 0789729555), Madrid: Anaya Multimedia, ISBN: 978-84-415-1678-2 [Signatura PERSEO: "681.3 BOT bib"; 1 exemplar].
- Bott, E.; Woody, L. (2007) *Office 2007* (Colección 'La biblia de'; Traducción de Norwich & Barston. Special edition using Microsoft Office 2007. ISBN: 0789735172), Madrid: Anaya Multimedia, ISBN: 978-84-415-2223-7 [Signatura PERSEO: "FFT 681.3 BOT bib"; 3 exemplares na FFT].

Internet e aplicacións web

- Ramos Martín, A.; Ramos Martín, M. J. (2011) *Aplicaciones web* (inclúe CD), Madrid: Paraninfo, ISBN: 978-84-973-2813-5 [Signatura PERSEO: “FFT 681.3 RAM apl”; 2 exemplares].

TEMA-3:

- Corpas, G.; Varela, M. J. (2003) *Entornos informáticos de la traducción profesional: las memorias de traducción*. Granada: Atrio, ISBN: 84-961-0115-0 [Signatura PERSEO: “FFT 82.03 ENT inf”; 4 exemplares].
- Cevoli, M.; Alasia, S. (2012) *Guida completa a OmegaT: tecniche, trucchi e consigli per traduttori e project manager*. Badalona: Qabiria. ISBN: 978-8863696653. [Signatura PERSEO: solicitado e pendente de recepción; 2 exemplares].

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Español/V01G230V01925
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01924
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01923
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01922

Outros comentarios

1) Esta materia proporciona a adquisición de coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas básicas (hardware e software) de tipo xeral relacionadas coa tradución.

Para adquirir coñecementos e destrezas no manexo de ferramentas informáticas especializadas relacionadas coa tradución, e sobre todo relacionadas co ámbito da tradución multimedia (localización e tradución audiovisual), considérase imprescindíbel cursar as materias de 4º curso do Grao: i) "Ferramentas para a Tradución e Interpretación V: Informática avanzada" [que consolida e amplía os coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas de tradución asistida adquiridos na materia de 1º curso do grao; e, ademais, proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da localización: de páxinas web, software e videoxogos)], e; ii) Algunha das combinacións de "Tradución medios audiovisuais" [que proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da tradución audiovisual: subtitulado, dobraxe, voice-over)].

Dese xeito pódese atinxir un dominio satisfactorio dos coñecementos e das destrezas das principais ferramentas informáticas (hardware e software) relacionadas coa práctica profesional da tradución e a interpretación glosados na listaxe de competencias do Grao (xenéricas e especializadas).

2) Dado que para o desenvolvemento e a avaliación da materia atinxen tanto as horas de traballo presenciais na aula informática como as horas de traballo persoal autónomo do alumnado, considérase imprescindíbel a asistencia do alumnado ás primeiras sesións (3 horas) introdutorias da materia (en no grupo que teña asignado) coa finalidade de estar informado do funcionamento da materia, dos contidos, da planificación e metodoloxías docentes que vanse empregar, dos mecanismos de seguimento da docencia, etc. Desta manera vai poder contar coa suficiente información para poder decidir a modalidade

de avaliación que quere seguir.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego				
Materia	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01201			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Idioma	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Solla González, Amparo			
Profesorado	Palacio Sánchez, José Antonio Solla González, Amparo			
Correo-e	asolla@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Partindo de que o alumnado posúe un nivel C2 do Marco Europeo de Referencia para a aprendizaxe de linguas, a materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes á vez que incide na aplicación práctica da norma adaptada á construción de manifestacións discursivas formais nos diferentes contextos comunicativos orais e escritos.			

Competencias de titulación	
Código	
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
A27	Capacidade de razoamento crítico
A33	Dominio oral e escrito da lingua propia
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B15	Aprendizaxe autónoma
B23	Capacidade de traballo individual

Competencias de materia		
Competencias de materia	Tipoloxía	Competencias
- Analizar e valorar criticamente exemplos de expresión oral e escrita en lingua galega. Capacidade de aprendizaxe autónoma	saber Saber estar / ser	A3 A4 A27 B7 B9
- Desenvolver autonomía na produción e corrección de diferentes tipos de textos orais e escritos utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega. Coñecementos de cultura xeral e civilización Dominio oral e escrito da lingua propia	saber saber facer Saber estar / ser	A3 A4 A17 A18 A25 A33 B7 B8 B15 B23

Contidos

Tema	
1. A norma escrita da lingua galega	1.1. A acentuación 1.2. Signos ortográficos 1.3. Grupos consonánticos 1.4. Sufixos e terminacións 1.5. Paradigmas morfolóxicos do galego
2. Morfosintaxe	2.1. O artigo 2.2. O substantivo e adxectivo 2.3. O pronome persoal 2.4. Posesivos e demostrativos 2.5. Cuantitativos e indefinidos 2.6.O verbo 2.7. O adverbio, a preposición, a conxunción.
3. Lingua oral e lingua escrita	3.1. A linguaxe como medio de comunicación 3.2. Escritura e oralidade
4. O texto	4.1. Coherencia e cohesión textual 4.2. Tipoloxía textual en galego

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	21	21	42
Eventos docentes e/ou divulgativos	3	6	9
Presentacións/exposicións	3	21	24
Sesión maxistral	15	30	45
Actividades introdutorias	4	8	12
Probas de resposta curta	2	16	18
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado levará a cabo a resolución de problemas e exercicios específicos para a materia explicada. Adóitase utilizar como complemento da clase maxistral.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Os discentes asistirán a conferencias e actividades que complementen a súa formación.
Presentacións/exposicións	O alumnado exporá perante o docente e/ou un grupo de estudantes un tema sobre os contidos da materia ou os resultados dun traballo, exercicio.
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, directrices dun traballo e actividades que o alumnado debe desenvolver.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado e reunir información sobre o grupo así como a presentar a materia

Atención personalizada	
	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O profesor terá titorías individualizadas ou en pequenos grupos antes da exposición dos temas por parte do alumnado.
Sesión maxistral	O profesor terá titorías individualizadas ou en pequenos grupos antes da exposición dos temas por parte do alumnado.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Valorarase a preparación dun traballo tutelado, individual e breve (5 folios) no que se atenderá especialmente á corrección do texto.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante o curso a profesora especificará cales das diferentes actividades prácticas serán avaliables. Terase moi en conta a actitude e participación do alumnado nas aulas.	20

Sesión maxistral		15
	Valorarase a atención dos discentes, a súa curiosidade intelectual, a reflexión e mesmo o debate se se considera oportuno.	
Eventos docentes e/ou divulgativos	Valorarase a asistencia a calquera actividade programada relacionada coa materia e a entrega dunha recensión persoal.	5
Probas de resposta curta	Realizaranse dúas probas durante o cuadrimestre: unha sobre a normativa ortográfica e morfolóxica (CONTRA A METADE DE MARZO) e outra sobre aspectos gramaticais (PRIMEIROS DÍAS DE MAIO). Ámbalas dúas deberán ser superadas para obter a cualificación total deste apartado.	50

Outros comentarios e segunda convocatoria

MOI IMPORTANTE

A. Para poder optar á avaliación continua débense cumprir os seguintes requisitos: **entrega de ficha debidamente cuberta na data esixida**, **asistencia** habitual ás aulas, **entrega dos** traballos **obrigatorios**.

B. O alumnado que opte pola **modalidade presencial** someterase ás **dúas probas avaliables necesarias para conseguir o aprobado** da materia: unha sobre o dominio da normativa ortográfica e morfolóxica do galego e outra sobre construción e corrección textual, aspectos gramaticais e cuestións léxico-semánticas traballadas durante o curso. **Ámbalas dúas probas deberán ser superadas**. De ser o caso, realizarase unha **media aritmética** cara á cualificación final deste apartado. **Na segunda edición das actasnon se conservará a cualificación** de ningunha das dúas probas superadas.

C. O alumnado que non se acolla á modalidade presencial realizará **contra a primeira semana de maio** unha **proba teórico práctica** sobre os contidos da materia, **unha proba oral** e terán a obriga de entregar **un traballo individualconsensuado de antemán coa profesora**.
Recoméndase **remitir á docente un correo electrónico para se informar da data precisa dos exames.**
O mesmo sistema seguirase cos **alumnos que concorran á segunda ou posteriores convocatorias.**

Calquera tipo de **plaxio** será penalizado co **suspenso.**

Bibliografía. Fontes de información

LECTURAS OBRIGATORIAS

Na sesión de presentación da materia, a profesora **especificará cales son as obras de lectura obrigatoria do curso.**

BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE INFORMACIÓN

ÁLVAREZ, R. / MONTEAGUDO, H. / REGUEIRA, X.L. (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

ÁLVAREZ, R. e XOVE, X. (2002): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

FREIXEIRO MATO, X.R. (2000): *Gramática da lingua galega II Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.

GONZÁLEZ REI, B. (2004): *Ortografía da lingua galega.* A Coruña: Galinova Editorial.

HERMIDA, Carme (2004): *Gramática Práctica (Morfosintaxe*), Santiago: Sotelo Blanco.

ILG / RAG (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago: ILG / RAG.

DICIONARIOS:

CARBALLEIRA ANLLO, X. M. (coord) (2000): *Gran dicionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.

FERNÁNDEZ SALGADO,B.(coord) (2004): *Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega.* Vigo: Galaxia.

XOVE FERREIRO, Xosé (coord) (2005), *Novo dicionario da lingua galega.* Santiago de Compostela: Obradoiro-Santillana.

NAVAZA BLANCO (coord)(1990) *Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos. Vigo: Xerais.*

Ferramentas informáticas

***Vocabulario ortográfico la lingua galega* (RAG/ILG): htpp://www.realacademiagalega.org/volga/**
Dicionario da RAG (www.realacademiagalega.org),

www.edu.xunta.es/diccionarios/BuscaTermo.jsp

digalego.com/diccionario/html/index.php

webs.uvigo.es/sli/virtual/galego.htm

***Wikipedia en galego (Galipedia*): htpp://gl.wikipedia.org.wiki/Portada**

***Curso é-galego*: ilg.usc.es**

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01401

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109

Outros comentarios

No caso do alumnado que non posúa un nivel avanzado de coñecementos (C2) deberá procuralo por medios alternativos á docencia desta materia: Escola Oficial de Idiomas, visionado de películas, lecturas ...

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español				
Materia	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español			
Código	V01G230V01202			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Idioma				
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rodríguez Vega, María Regina			
Profesorado	Rodríguez Vega, María Regina			
Correo-e	xinavega@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes dunha das súas linguas maternas, o español. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos.			

Competencias de titulación	
Código	
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A10	Capacidade de traballo en equipo
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A27	Capacidade de razoamento crítico
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B12	Traballo en equipo
B15	Aprendizaxe autónoma
B18	Creatividade
B23	Capacidade de traballo individual

Competencias de materia		
Competencias de materia	Tipoloxía	Competencias
Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión escrita.	saber	A4 B1
Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua materna español.	saber	A3 B15 B23
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos.	saber facer	A10 A18 B1 B5 B18
Capacitar aos alumnos para analizar, sintetizar e extraer de forma crítica a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita e poñela en común.	saber facer	A18 B7 B12

Proporcionarlle a información e ferramentas necesarias ao discente para que manexe con soltura os recursos bibliográficos de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais de corrección, traducción e interpretación textual.	saber facer Saber estar / ser	A17 A27 B6

Contidos	
Tema	
Tema 1. Conceptos básicos sobre corrección lingüística.	1.1. Norma e uso. 1.2. A norma académica e o concepto de estándar culto en español. 1.3. A política lingüística panhispánica da RAE.
Tema 2. Materiais de consulta sobre a norma e o uso do español	2.1. Os diccionarios: tipos e contido 2.2. As gramáticas 2.3. Outras obras: manuais de estilo e de normativa
Tema 3. A norma ortográfica do español	2.1. Ortografía das letras 2.2. Ortografía das palabras 2.3. Acentuación 2.4. Puntuación
Tema 4. Gramática: os erros máis frecuentes	4.1. O substantivo. 4. 2. O adxectivo 4.4. Os determinantes 4.5. O verbo 4.6 Os pronomes relativos 4.7. A preposición 4.8. O adverbio 4.9. Locuciones verbais, prepositivas e adverbiais
Tema 5. O nivel da escritura: o texto.	5.1. Coherencia e cohesión textual. 5.2. Formas discursivas e tipoloxía textual en español. 5.3. Redactar en función da tipoloxía textual.

Planificación docente			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3	5
Sesión maxistral	18	45	63
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	14	21	35
Presentacións/exposicións	6	18	24
Traballos de aula	4	8	12
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2
Traballos e proxectos	2	7	9
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividade introdutoria. Durante a primeira sesión buscarase recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes. Ademais da presentación da materia, farase unha pequena proba inicial (non puntuable na avaliación final) que servirá como valoración de nivel.
Sesión maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos xerais da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e metodoloxías de análise. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos claros que aseguren a comprensión dos contidos. Ocasionalmente poderán estar apoiadas por presentacións.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada nas clases. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos que se van adquirindo.
Presentacións/exposicións	Actividade práctica. O profesor da materia dará unhas indicacións xerais sobre a forma axeitada de realizar unha presentación oral. A partir destas explicacións esta liña metodolóxica irá orientada aos discentes. O seguinte paso consistirá na exposición oral (individual, por parellas ou en grupos) por parte dos alumnos dun tema concreto de carácter lingüístico que se escollerá entre os temas da materia e que terá que presentarse ao resto dos compañeiros.

Traballos de aula	Actividade práctica orientada na aula polo docente. Aínda que o alumnado poderá traballar de forma autónoma na materia, estes traballos de aula terán como obxectivo a proposta de certas actividades que se desenvolverán coa colaboración de alumnos e docente durante catro sesións presenciais dunha hora cada unha.

Atención personalizada	
	Descrición
Traballos de aula	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.
Traballos e proxectos	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Consistirá na exposición oral por parte do alumnado (individual, por parella ou en grupo de 3 ou 4 persoas) dun tema lingüístico concreto que se escollerá entre os propostos polo docente. O obxectivo é avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal.	25
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Consistirá nun exame que abordará os temas estudiados durante o curso. Nesta proba terán cabida preguntas de carácter teórico e outras de carácter práctico. Realizarase na antepenúltima sesión docente e dedicaranse as dúas últimas sesións a tarefas de revisión e comentario das probas realizadas.	50
Traballos e proxectos	Consistirá na elaboración dun traballo proposto en clase (resumo de artigos, valoración crítica dunha obra literaria, etc.) no que se avaliará a competencia do alumnado no relativo ao dominio das técnicas e mecanismos de síntese e redacción dun texto.	25

Outros comentarios e segunda convocatoria

Ao inicio do curso, os alumnos deberán indicarlle ao docente a forma de avaliación pola que optan, é dicir, avaliación continua (asistencia regular, traballos de aula, presentacións, proxectos, probas, etc.) ou avaliación única (exame oficial da materia fixado para o luns día 5 de maio). Os discentes que se acollan ao sistema de avaliación única realizarán un exame no que terán cabida cuestións teóricas e prácticas. Os alumnos que opten pola avaliación continua e que non superen a materia ao final do cuadrimestre poderán presentarse á convocatoria oficial de xullo e ás sucesivas convocatorias, nas que non se gardarán as cualificacións obtidas a través das probas, actividades e traballos realizados ao longo do curso.Os estudiantes Erasmus poderán realizar as probas coa axuda dun dicionario. Durante o período de traballo autónomo do 5 ao 14 de marzo, o estudantado deberá ler a obra "La cocina de la escritura" de Daniel Cassany e realizar unha reseña académica do libro devandito. A lectura dunha obra literaria será obrigatoria. Tanto nas probas coma no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. ; se durante a corrección de actividades e traballos se detecta copia ou plaxio, os referidos traballos non se valorarán. A avaliación das lecturas obrigatorias relizarase no exame final.

Bibliografía. Fontes de información

Martínez de Sousa, José, Ortografía y ortotipografía del español actual, Gijón: Trea, 2004

del Valle, José (ed.), La lengua ¿patria común?, Madrid: Iberoamericana- Frankfurt am Main: Vervuert, 2007

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA, , ,

Real Academia Española, Ortografía de la lengua española, Madrid, Espasa, 1999

Real Academia Española, Diccionario panhispánico de dudas, Madrid, Santillana, 2005

Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, Nueva gramática de la lengua española, Madrid: Espasa, 2009

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA, , ,

Cassany, Daniel, La cocina de la escritura, Barcelona: Anagrama, 1995

Cervera, Ángel, Guía para la redacción y el comentario de texto, Madrid: Espasa, 2005

Fernández Romero, Jose Antonio, Manual atípico y sinóptico para la corrección de textos (ortografía y morfosintaxis), Universidade de Vigo, 2012

Ao longo do curso poderán indicarse outras lecturas específicas.

Como recolle o apartado relativo á avaliación, haberá que realizar unha lectura obrigatoria ao longo do cuadrimestre. O título indicarase nas sesións presenciais e tamén a través dun anuncio na plataforma TEMA.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés				
Materia	Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés			
Código	V01G230V01203			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Idioma	Galego			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Llantada Díaz, María Francisca			
Profesorado	Llantada Díaz, María Francisca			
Correo-e	fanny.llantada@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia presta atención á consolidación das destrezas comunicativas e lingüísticas a un nivel de usuario/a competente. O curso ten unha orientación práctica. O nivel a acadar é a consolidación do C1, iniciado no cuadrimestre anterior con Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés, segundo os estándares do Marco Europeo Común de Referencia.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A12	Posuír unha ampla cultura
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A22	Destrezas de tradución
A24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
A25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
A27	Capacidade de razoamento crítico
A30	Coñecemento de idiomas
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B6	Capacidade de xestión da información
B9	Razoamento crítico
B12	Traballo en equipo
B15	Aprendizaxe autónoma
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual

Competencias de materia		
Competencias de materia	Tipoloxía	Competencias

Promover a autonomía do alumnado para desenvolver unha competencia comprensiva de diversos tipos de textos en inglés.	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A8 A12 A18 A24 A27 A30 B1 B2 B6 B9 B15 B22 B23
Asentar e aumentar o coñecemento do repertorio léxico básico inglés.	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A4 A8 A18 A24 A30 B2 B12 B15 B22 B23
Aplicar e desenvolver o sentido de conciencia lingüística dos mecanismos gramaticais e formas de uso do inglés.	saber saber facer	A1 A2 A4 A18 B2 B15 B22 B23
Desenvolver as bases das habilidades de comprensión e expresión oral en inglés.	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A8 A18 A22 A24 A30 B2 B15 B22 B23
Utilizar e valorar o coñecemento das nocións gramaticais básicas do inglés	saber saber facer Saber estar / ser	A1 A4 A18 A24 A25 A30 B2 B15 B22 B23

Contidos	
Tema	
Unit 1. Childhood.	1. Talk about adapting to different cultures 2. Talk about memory and personal memories 3. Evoke the feelings and moods of a past event
Unit 2. Personality and identity.	1. Talk about personality traits. 2. Talk about identity. 3. Understand promotional language 4. Say how you met someone 5. Use effective introduction strategies. 6. Promote yourself.

Unit 3. Language and language learning.	1. Describe a book. 2. Give a personal response. 3. Talk about languages and ways to learn them. 4. Describe experiences of language learning. 5. Discuss plans and priorities.
Unit 4. World.	1. Interpret maps and facts. 2. Make comparisons and talk about changes. 3. Talk about diet and nutrition. 4. Discuss changing trends. 5. Talk about result.
Unit 5. Concepts of space.	1. Describe spaces in cities. 2. Describe how spaces are used. 3. Talk about crime and surveillance. 4. Comment on experiences. 5. Outline problems. 6. Discuss and suggest solutions.
Unit 6. Appearances.	1. Describe appearance and changes to appearance. 2. Discuss photos and images. 3. Talk about aim and intention. 4. Talk about fakes and forgeries. 5. Convince people and express doubt. 6. Conduct a personal interview. 7. Describe someone’s life, achievements and attitudes.
Unit 7. Health.	1. Talk about health problems and treatment. 2. Describe and comment on an exhibition or a show. 3. Describe a process or experiment. 4. Discuss implications and significance. 5. Discuss an issue.
Unit 8. Advertising and brands.	1. Discuss brands. 2. Describe effects and influences. 3. Talk about the image and qualities of products. 4. Talk about advertising and marketing. 5. Describe an advert. 6. Pass on detailed information.
Unit 9. Icons, images and objects.	1. Speculate about images and objects. 2. Interpret and respond to a story. 3. Discuss icons. 4. Identify critical language in a text. 5. Talk about what something represents. 6. Present argument and counter-arguments. 7. Give criticism and respond to it.
Unit 10. Groups.	1. Describe groups and membership. 2. Describe feelings about belonging. 3. Give opinions emphatically. 4. Explore strategies for analysing authentic texts. 5. Persuade others to take action. 6. Describe an organisation. 7. Present something in the best possible light.
Unit 11. Climate.	1. Talk about climate change. 2. Describe inventions and how they work. 3. Discuss proposals. 4. Describe an ongoing process. 5. Understand imagery in a poem. 6. Conduct a debate. 7. Report a point of view and react to it.
Unit 12. Knowledge and Technology.	1. Talk about knowledge and technology. 2. Discuss how to access information. 3. Describe technological advances. 4. Talk about how things develop. 4. Explain an idea. 5. Give written advice. 6. Write steps in a process. 7. Describe how to do something.

